

(LOMCE)

# TECNOLOGÍA INDUSTRIAL

CURSO 2021-2022

## Índice de contidos

Introdución.....	1
Contextualización.....	1
Concrecións metodolóxicas.....	1
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	2
Obxectivos.....	2
Instrumentos de avaliación. Indicadores.....	3
Materiais e recursos didácticos.....	9
Indicadores da práctica docente.....	9
Alumnado con materias pendentes.....	10
Medidas de atención á diversidade.....	10
Contidos transversais.....	12
Actividades extraescolares.....	12
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	12
Transición a un ensino semipresencial ou non presencial.....	13
Plan de reforzo COVID.....	14
Tecnoloxía industrial I.....	15
Obxectivos.....	15
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	15
Concreción dos contidos.....	20
Temporalización.....	22
Concrecións do procedemento avaliativo.....	23
Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción.....	82
Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	83
Procedementos e instrumentos de avaliacións.....	99
Avaliación inicial.....	100
Anexo: Modelos que se empregan no departamento.....	101
Información para os pais.....	102
Enquisa de avaliación da práctica docente polo alumnado.....	104
Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	105

# Tecnoloxía Industrial

## Introdución

### Contextualización

A tecnoloxía desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, a tecnoloxía achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediateza que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxía Industrial trata de lograr estes fins abordando, ao longo dos dous cursos de bacharelato, un amplo conxunto de temas. Deste xeito, o bloque de "Produtos tecnolóxicos" trata o deseño, a produción e a comercialización dun produto tecnolóxico para favorecer a investigación da súa influencia na sociedade e no contorno. Os bloques de "Materiais" e de "Materiais e procedementos de fabricación" tratan as propiedades características dos materiais, en relación coa súa estrutura interna, e os ensaios para a súa determinación, así como as técnicas para modificar e mellorar as súas propiedades e as técnicas utilizadas no proceso de fabricación dun produto.

No bloque chamado "Principios de máquinas" afóndase nos conceptos fundamentais das máquinas e nos seus principios de funcionamento, mentres que no bloque de "Máquinas e sistemas" se exploran os seus elementos constitutivos. A produción de enerxía, o seu impacto ambiental e as técnicas de redución do consumo enerxético en vivendas e locais abórdanse no bloque "Recursos enerxéticos".

No bloque de "Sistemas automáticos" trátase a automatización das máquinas, e os circuítos e sistemas tecnolóxicos asociados, así como a súa estrutura e o seu funcionamento. A electrónica dixital estúdase no bloque "Circuítos e sistemas lóxicos", que se centra nos circuítos combinacionais, e tamén no denominado "Control e programación de sistemas automáticos", que afonda nos circuítos secuenciais e nas súas aplicacións.

No conxunto dos bloques desta materia, en resumo, intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, polo que un enfoque interdisciplinario favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

### Concrecións metodolóxicas

Desde o punto de vista metodolóxico, o ensino desta materia require que se traballe en equipo, para resolver problemas tecnolóxicos que permitan explorar o deseño, a produción, a avaliación ou a mellora de produtos relevantes desde o punto de vista tecnolóxico e social. Trátase de aprender a identificar e a seleccionar solucións aos

problemas técnicos, a realizar cálculos e estimacións ou a planificar a realización de actividades de deseño e de montaxe, contextos de aprendizaxe nos que son importantes a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade, e nos que as tecnoloxías da información e da comunicación son ferramentas imprescindibles para a procura de información, para a elaboración de documentos ou de planos, para a realización de simulacións e de cálculos técnicos e económicos, e para a presentación ou a publicación de resultados.

No ensino da tecnoloxía resulta adecuado, xa que logo, reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas nos que se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

## **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave**

A contribución da materia de Tecnoloxía Industrial ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades seleccionado; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice adecuadamente vocabulario tecnolóxico, elabore informes técnicos, explique conceptos, ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, principais competencias que se desenvolven nesta materia, poden alcanzarse calculando magnitudes e parámetros, e aplicando técnicas de medición e de análise gráfica no contexto do proceso de resolución técnica de problemas, ou construíndo obxectos e verificando o seu funcionamento, competencias que tamén se favorecen utilizando ferramentas e máquinas, analizando procesos e sistemas tecnolóxicos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións ambientais da actividade tecnolóxica. A competencia dixital desenvolverase co emprego constante das tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular circuitos, sistemas e procesos tecnolóxicos, ou para controlar e programar sistemas automáticos.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cívicas alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento tecnolóxico e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguense nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos tecnolóxicos, ao transformar as ideas propias en dispositivos, circuitos ou sistemas. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos tecnolóxicos en distintas culturas, e no seu desenvolvemento e progreso.

En función da vixencia e da utilidade dos aspectos que trata Tecnoloxía Industrial, esta materia ofrece, sen dúbida, un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e tecnolóxico, e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coa participación cidadá e co desenvolvemento persoal.

## **Obxectivos**

A Tecnoloxía Industrial contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha

conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **Instrumentos de avaliación. Indicadores**

Para garantir a coherencia entre os contidos e as competencias empregaremos as ferramentas indicadas na lexislación.

Así con referencia ó Bacharelato no Título II, Capítulo III, artigo 33, punto 4, di: “O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.”

E atendendo a “Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato”, procederemos a detallar unha serie de indicadores de ámbito tecnolóxico.

Estes indicadores por unha parte estarán agrupados en dimensións. Entendamos estas dimensións como facetas que presentan as distintas capacidades. Obviamente existen mais dimensións que as detalladas a continuación, e según as distintas escolas de pensamento estas poden variar. No noso caso o punto focal para o seu desenvolvemento foi a resolución de problemas tecnolóxicos na actualidade.

Ademáis estes indicadores están claramente ligados ás distintas capacidades, adquirindo deste xeito unha virtude integradora entre os conceptos e as competencias.

Estes indicadores nos axudaran a avaliar ó alumnado á vez que integran as competencias dentro da programación de aula. Unha vez desenvolvidos e concretados nos distintos niveis nos serviran para definir os graos mínimos que debe acadar o alumnado para superar a materia.

Finalmente, os indicadores, serviran como ferramenta para concretar os logros do alumnado e polo tanto para cuantificar numericamente a cualificación do mesmo. Os indicadores, asociados a súa competencia están detallados na seguinte táboa.

Dimensións	Indicadores
<b>Comunicación lingüística (CCL)</b>	
Comprensión oral e escrita	(1) Coñecer as palabras do linguaxe técnico específico e o seu significado.*
	(2) escoitar activamente na aula.
	(3) Recoñecer, identifica e expresa a información especificamente tecnolóxica.
Expresión oral e escrita	(4) Empregar oracións correctas onde se empregue o linguaxe técnico axeitado.
	(5) Reflectir as ideas principais e subordinadas acorde a los conceptos tecnolóxicos que se traballen.
	(6) Reflectir na súa comunicación un orden axeitado de eventos de acordo co proceso tecnolóxico.
	(7) Seleccionar procedementos explicativos para facer comprensible a explicación.
	(8) Estructurar os contidos.
	(9) Revisar os textos escritos.
Normas de comunicación	(10) Intervir de xeito espontáneo da escoita activa con cuestións tecnolóxicas.
	(11) Respectar a orden de intervención.
	(12) Controlar o uso da cortesía.
Comunicación noutras linguas	(13) Empregar cando sexa preciso vocabulario doutras linguas para identificar os distintos elementos tecnolóxicos.
	(14) Buscar e Ler textos técnicos en outras linguas.
<b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)</b>	
Manexo de elementos matemáticos	(1) Coñecer o significado dos símbolos matemáticos.
	(2) Desenvolverse con soltura nas operacións necesarias para resolver os problemas tecnolóxicos.
	(3) Realizar correctamente os cálculos.
	(4) Aplicar propiedades e regras nas operacións.
	(5) Resolver ecuacións.
	(6) Calcular valores numéricos de expresións alxébricas.

Dimensións	Indicadores
	(7) Realizar operacións con funcións. (8) Ler táboas de resultados.* (9) Asociar rexistros numéricos a súa representación gráfica. (10) Cambiar axeitadamente entre unidades. (11) Usar múltiplos das unidades. (12) Recoñecer os erros de medida.
Razoamento lóxico e resolución de problemas	(13) Xulgar se os resultados son razoables. (14) Realizar lecturas comprensivas dos problemas. (15) Extraer os datos de los problemas. (16) Recoñecer e diferenciar variables e constantes. (17) Integrar os coñecementos numéricos na resolución de problemas. (18) Entender a relación entre fórmulas e funcións. (19) Recoñecer as variables nunha función e as súas dependencias. (20) Comprobar os resultados dos problemas. (21) Presentar os resultados dun xeito claro e ordenado. (22) Relacionar as fórmulas con gráficas. (23) Realizar táboas de resultados.* (24) Coñecer a interacción entre símbolos. (25) Predicir o símbolo que debe empregarse nunha solución tecnolóxica. (26) Utilizar sistemas e esquemas de representación. (27) Empregar sistemas e esquemas de representación na resolución de problemas tecnolóxicos. (28) Realizar sistemas e esquemas de representación de xeito axeitado. (29) Relacionar cada unidade coa súa magnitude. (30) Expresar un resultado nas unidades máis axeitadas. (31) Calcular rendementos das solucións tecnolóxicas. (32) Escoller a selección tecnolóxica máis axeitada dependendo de certos parámetros. (33) Asociar as propiedades ós distintos materiais. (34) Predicir as propiedades dun material. (35) Identificar as propiedades dos distintos obxectos técnicos. (36) Identificar os distintos tipos de materiais e os asocia as súas propiedades. (37) Empregar os pasos necesarios, na secuencia correcta, nas actividades prácticas. (38) Analizar os resultados das actividades prácticas.
Explicación da realidade natural	(39) Recoñecer as funcións e fórmulas que se deberían aplicar en cada problema tecnolóxico.* (40) Coñecer as leis básicas do universo.* (41) Coñecer o ámbito de aplicación de cada lei.* (42) Relacionar as leis coa súa formulación. (43) Diferenciar as leis derivadas. (44) Coñecer as distintas constantes das leis básicas do universo.* (45) Coñecer as magnitudes implicadas en cada lei. (46) Inquirir sobre o funcionamento do universo. (47) Recoller datos das distintas leis.

Dimensións	Indicadores
	(48) Coñecer as propiedades da materia.*
	(49) Coñecer a estrutura da materia.*
	(50) Inquirir sobre outras propiedades dos materiais.
	(51) Coñecer métodos científicos para comprobar as distintas propiedades dos materiais.
	(52) Coñecer as constantes físicas que determinan as unidades.
Traballar con sistemas de representación	(53) Ler gráficas.*
	(54) Realizar gráficas.*
	(55) Representar obxectos nas dimensións espaciais en distintos sistemas.
	(56) Empregar escalas.
	(57) Recoñecer símbolos tecnolóxicos.*
Traballar en dimensións espacio-temporais	(58) Ler sistemas e esquemas de representación.*
	(59) Traballar na dimensión temporal.
	(60) Manexar a magnitude temporal con soltura.
	(61) Traballar nas dimensións espaciais.
	(62) Manexar as magnitudes espaciais con soltura.
A ciencia no día a día	(63) Asociar os símbolos cos elementos reais.
	(64) Recoñecer códigos empregados na tecnoloxía.*
	(65) Asociar os códigos co que representan.
	(66) Recoñecer os ámbitos tecnolóxicos onde se aplican as distintas leis.
	(67) Identificar as leis que aparecen nas distintas solucións tecnolóxicas.
	(68) Distinguir entre unha lei ideal e a realidade.
	(69) Diferenciar entre sistema ideal e sistema real.
	(70) Recoñecer a eficiencia e eficacia das solucións tecnolóxicas.
	(71) Recoñecer os ámbitos tecnolóxicos onde se aplican os distintos materiais.
	(72) Coñecer como se obteñen e elaboran os distintos materiais.*
Comprensión do coñecemento científico	(73) Asociar os símbolos tecnolóxicos ás súas funcións.
	(74) Empregar a simboloxía no contexto axeitado.
	(75) Empregar os códigos no contexto axeitado.
	(76) Predicir o código que debe empregarse nunha solución tecnolóxica.
	(77) Coñecer as unidades de cada magnitude.
	(78) Diferenciar entre unidades e magnitudes.
	(79) Coñecer o método científico.
	(80) Diferenciar opinión de evidencia.
	(81) Relacionar causas con efectos.
	(82) Coñecer as unidades en que se miden as propiedades.
	(83) Recoñecer as propiedades interesantes de cada material.
	(84) Inquirir sobre novos materiais.
Ciencia aplicada	(85) Comprobar as leis mediante actividades prácticas.
	(86) Comprobar as propiedades mediante actividades prácticas.
	(87) Recoller datos das distintas propiedades.
	(88) Empregar correctamente a calculadora.
	(89) Saber empregar instrumentos de medida.*
	(90) Realizar medidas correctamente.
	(91) Realizar documentos técnicos.



Dimensións	Indicadores
	(92) Coñecer e usar as ferramentas e máquinas apropiadas para cada material.*
<b>Competencia dixital (CD)</b>	
Tecnoloxías da información	(1) Buscar e seleccionar e interpretar información en internet.
	(2) Saber o que é unha dirección web.
Seguridade dixital	(3) Coñecer os protocolos de seguridade na rede.
	(4) Rexeitar conexións se non se usan protocolos seguros.
	(5) Valorar a seguridade das identidades dixitais.
Comunicación dixital	(6) Usar normas de cortesía na rede.
	(7) Enviar información a través da rede.
	(8) Almacenar información na nube.
	(9) Compartir ficheiros na nube.
Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(10) Crear contidos usando recursos dixitais.*
	(11) Diferenciar os distintos tipos de ficheiros.
	(12) Coñecer os programas que serven para realizar unha tarefa e escoller o axeitado.*
	(13) Usar con soltura programas técnicos.*
	(14) Apreciar e usar os programas técnicos que ofrecen os teléfonos "intelixentes".
Relacionar o hardware co software	(15) Programar.
	(16) Ser consciente das limitacións dos equipos informáticos.
	(17) Coñecer o funcionamento e partes dun equipo informático.
	(18) Coñecer e valorar os distintos sistemas operativos.
<b>Aprender a aprender (CAA)</b>	
Uso para mellorar as capacidades e coñecementos dos demais	(1) Ter curiosidade por coñecer as solucións tecnolóxicas que aparecen na vida real.
	(2) Realizar preguntas dos termos que non se entenden.
	(3) Ser capaz de tratar a información tecnolóxica.
	(4) Avaliar a validez das solucións tecnolóxicas propias e alleas.
Conciencia consecución de obxectivos	(5) Ser consciente das habilidades propias e alleas.
	(6) Avaliar os problemas tecnolóxicos que un é capaz de afrontar.
	(7) Reforzar na casa os seus coñecementos.
Xestión e controlar as propias capacidades e coñecementos	(8) Prestar atención cando se explican solucións tecnolóxicas.
	(9) Ter curiosidade por como os coñecementos matemáticos axudan a aplicar solucións tecnolóxicas.
	(10) Interese por aplicar solucións tecnolóxicas na súa realidade cotiá.
	(11) Estructurar as actividades prácticas antes de realizalas.
	(12) Temporizar a realización de tarefas
	(13) Prever os materiais que necesita para levar a cabo un proxecto ou práctica.*
	(14) Adquirir novas destrezas no uso de ferramentas e máquinas.*
	(15) Mellorar as habilidades propias.
(16) Realizar memorias sobre as actividades prácticas.	
Innovación nos recursos educativos	(17) Incorporar o uso de novas ferramentas ó aprendizaxe formal
	(18) Aproveitar a oportunidade de reciclaxe informativo que ofrecen as novas tecnoloxías
<b>Competencias sociais e cívicas (CSC)</b>	
Relación cos demais	(1) Asumir normas de urbanidade e cortesía na aula.
	(2) Respetar as quendas de palabra.

Dimensións	Indicadores
	(3) Asumir normas de urbanidade e cortesía no taller.
	(4) Organizarse cos seus compañeiros.
	(5) Respetar as capacidades e destrezas tecnolóxicas do resto do alumnado.
Adquisición de valores para a vida en sociedade	(6) Valorar a puntualidade.
	(7) Asumir as normas de seguridade no taller.
	(8) Ser crítico co seu traballo.
	(9) Cumprir as datas de entrega.
Fomento de valores para a vida en sociedade	(10) Promover actitudes de respecto e seguridade no taller.
	(11) Promover aptitudes de orden e limpeza no taller.
Recoñecemento da riqueza da diversidade	(12) escoitar con interese.
	(13) escoitar e acepta outras solucións tecnolóxicas.
Conservación do entorno natural	(14) Valorar o entorno.
	(15) Conservar o entorno.
<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</b>	
Creatividade	(1) Propoñer solucións imaxinativas a problemas tecnolóxicos.
	(2) Experimentar cos obxectos tecnolóxicos construtivamente.
	(3) Usar ferramentas de xeito autónomo.
	(4) Profundar de xeito autónomo en temas tecnolóxicos.
Capacidade emprendedora	(5) Traer materiais para prácticas.
	(6) Adquirir os elementos tecnolóxicos precisos.
	(7) Mostrar iniciativa no uso das ferramentas.
	(8) Rematar todos os proxectos que se inician.
	(9) Manter un ritmo constante de traballo.
	(10) Estudar formas de mellorar o rendemento.
	(11) Autosuperarse nos logros prácticos.
	(12) Autosuperarse nos logros académicos.
Autonomía persoal	(13) Valorar os seus logros.
	(14) Anticipar problemas.
	(15) Traballar individualmente.
Liderado	(16) Colaborar nun grupo.
	(17) Saber delegar.

Debemos considerar en primeiro lugar que é normal que aparezan unha gran cantidade de indicadores da Competencia Matemática e en Ciencia e Tecnoloxía en comparación co resto das competencias. Pois é a materia de Tecnoloxía a de ámbito máis amplo en dita competencia.

E tamén que ata o de agora tanto na ESO como no Bacharelato practicamente a ciencia aplicada non se contempla, aparece polo tanto en Tecnoloxía dimensións que non existen noutras materias como a Matemática ou a Física.

Ademais destacar os indicadores que están sinalados no seu final con un asterisco (\*).

Poderíamos chamar a estes indicadores xenéricos, e intentan dar unha visión globalizada do que intentamos valorar. Estes indicadores se dividirán en indicadores máis específicos dependendo dos contidos que esteamos a tratar.

Por último facer notar que non hai indicadores para a Competencia de Conciencia e Expresións Culturais ó non estar contemplada pola lei na materia de Tecnoloxía Industrial. Si se quere facer unha lectura dende o ámbito tecnolóxico de esta capacidade pódese recorrer a lectura da programación para a materia de Tecnoloxía na ESO.

## Materiais e recursos didácticos

Para o desenvolvemento da materia consideramos que non é necesario seguir os contidos de ningún libro de texto. As clases teóricas se impartirán mediante exposicións do profesor de forma oral e escrita, materiais para PDI, no encerado ou en fotocopias. Destas o alumnado tomará apuntes que considere necesarios e que poderá afianzar e ampliar con libros suxeridos polo profesor.

Os recursos materiais dispoñibles pódense enumerar como segue:

- Bibliografía, catálogos e revistas técnicas.
- Encerado e rotuladores de cores,
- Proxector e PDI.
- Instrumental de laboratorio.
- Ferramentas do taller
- Ordenadores e programas axeitados para a tecnoloxía.

## Indicadores da práctica docente

Ó igual que os indicadores que empregamos para avaliar o proceso de ensino no alumnado tamén empregaremos Indicadores para avaliar a práctica docente.

Do mesmo xeito que anteriormente agrupabamos ós Indicadores en dimensións, distintas facetas das competencias, agruparemos os Indicadores nas distintas facetas da práctica docente.

Dimensión	Indicadores
Planificación	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.
	3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
	4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
	5. Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
	6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
	7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.
Motivación do alumnado	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
	2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.
Desenvolvemento da ensinanza	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
	2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.

Dimensión	Indicadores
	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
	8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
	9. Presenta actividades de grupo e individuais.
Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe	1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
	3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

## Alumnado con materias pendentes

A ensinanza do bacharelato supón un “punto e aparte” da Educación Secundaria Obrigatoria. Polo tanto en 1º de Bacharelato non existe alumnado con materias pendentes.

En canto ó curso de 2º de Bacharelato dáse a circunstancia que durante este ano escolar non se ve afectados pola nova lei educativa, polo tanto non se incluírá neste documento unha descrición do proceso a desenvolver co alumnado con materias pendentes.

O proceso para o alumnado con Tecnoloxía Industrial I pendente estará reflectido no documento onde se detallan as programacións LOE.

## Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade terá dous enfoques por unha parte individual e por outra no grupo.

Diversidade individual	Medidas
<b>Diversidade na comprensión</b>	
Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.
Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.
Ten dificultades para entender os contidos que se presentan.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.

<b>Diversidade individual</b>	<b>Medidas</b>
<b>Diversidade na capacitación e desenvolvemento</b>	
Non ten dificultades (alumnos de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lles permitan poñer en xogo as súas capacidades.
Ten pequenas dificultades.	Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.
Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos.
<b>Diversidade de interese e motivación</b>	
Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.
O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.
Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementaise próximas á súa realidade.
<b>Diversidade na resolución de problemas</b>	
Encontra solucións aos problemas que se presentan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.
Encontra solucións aos problemas que se presentan nalgunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.
Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se presentan.	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.
<b>Diversidade na comunicación</b>	
Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita.
Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.
Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.

<b>Diversidade grupal</b>	<b>Medidas</b>
<b>De comunicación</b>	
A comunicación profesor-grupo non presenta grandes dificultades.	Non se necesitan medidas.
A comunicación profesor-grupo ten algunhas dificultades.	Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.
A comunicación profesor-grupo ten grandes dificultades.	Descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen.
<b>De interese e motivación</b>	
O grupo está motivado e ten grande interese.	Non se necesitan medidas.
Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese.	Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado.
O grupo non ten interese e está pouco motivado.	Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen.
<b>De actitude e colaboración</b>	
O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas.	Non se necesitan medidas.
Parte do alumnado ten boa actitude e colabora.	Propoñer actividades de grupo nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.

Diversidade grupal	Medidas
O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes.

## Contidos transversais

Durante todo o ano desenvolveremos transversalmente o desenvolvemento do alumnado nas Tecnoloxías da Información e Comunicación.

Por unha parte intentaremos establecer unha comunicación continua e efectiva entre o alumnado e o profesorado. Para isto requiremos que o alumnado teña contas de almacenamento na rede, e ofreceremos acceso en horas non lectivas a ordenares e asesoramento.

Por outra parte ofertaremos axuda para o uso especializado de programas de mercado uso tecnolóxico, tamén fora de horas lectivas.

Estas horas non lectivas non están contabilizadas no horario do profesorado polo tanto dende o departamento se tratará de que se recoñezan as mesmas dentro dos documentos oficiais para posteriormente solicitar que entren a formar parte do horario do profesorado.

Por outra parte e debido a insistencia do alumnado tamén abriremos o taller fora do horario lectivo. Así todo aquel que desexe ampliar os seus coñecementos no ámbito tecnolóxico, principalmente práctico, e que non dispoña na casa das ferramentas e instrumentos axeitados o poderá facer no instituto, con asesoramento do profesorado, altamente cualificado, que imparte a materia de tecnoloxía.

Por outra parte dende o Departamento de Tecnoloxía fomentamos o uso de linguas estranxeiras, formando os seus membros parte integrante e activa dos Programas Comenius.

Nestes programas desenvolvemos boa parte dos contidos científicos e tecnolóxicos dos mesmos, e colaboramos con outras actividades proporcionando soporte informático a contidos.

## Actividades extraescolares

O número de sesións da materia de tecnoloxía son escasas, polo que dependendo das capacidades económicas soamente intentaremos realizar unha actividade conxunta con 4ºESO:

- Visita a o Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Ingeniería Civil da Universidade da Coruña.

Aparte como actividades para o presente curso estarán todas as planeadas polo equipo de proxectos europeos, cada unha destas actividades levará previsto a inclusión da tecnoloxía coma parte do seu desenvolvemento.

En todo caso, se un grupo de alumnos visita un país estranxeiro, intentaremos coordinarnos para facer visitas e actividades tecnolóxicas en dito país.

## Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

As programacións didácticas serán revisadas trimestralmente en canto no que se refire a temporalización.

En canto os resultados académicos estas serán avaliadas inicialmente en xuño e posteriormente en setembro atendendo os seguintes indicadores:

<b>Cualificacións</b>	<b>Medidas</b>
As cualificacións teñen unha distribución lóxica	Non hai que mellorar
Non hai cualificacións altas	Rebaixar os mínimos
Non hai suspensos	Aumentar os mínimos
<b>Cantidade de suspensos</b>	<b>Medidas</b>
Os suspensos repiten curso	Non hai que mellorar
Unha gran cantidade de suspensos promocionan por lei	Preparar un plan concreto de atención á diversidade
Moitos suspensos promocionan	Comparar os resultados con outras materias de ámbito científico, se non é un caso illado preparar un plan de mellora, se é un caso illado cambiar a metodoloxía
<b>Alcance da materia</b>	<b>Medidas</b>
Se desenvolve toda a programación	Non hai que mellorar
Faltan por impartir Unidades Didácticas que o alumnado pode preparar pola súa conta sen problemas	Axustar a temporalización ou mandar máis tarefas para casa
Non se imparten Unidades Didácticas importantes	Revisar, e cambiar, a cantidade e contidos das Unidades Didácticas

Para o análise anterior partiremos dos indicadores da práctica docente e dos resultados académicos do alumnado que non estea en seguimento por un plan de atención a diversidade.

O mesmo análise cuantitativo é válido para o alumnado que está sometido a un plan de atención á diversidade, pero neste caso sas medidas que se aplicaran son as propostas no punto de atención á diversidade.

## **Transición a un ensino semipresencial ou non presencial**

Desde fai varios cursos o Departamento de Tecnoloxía incorporou unha gran carga de contido transversal a todas ás súas materias, co uso da rede e as novas tecnoloxías:

- Dispón de un canal de Youtube
- Dispón de unha nube privada, o docente de tecnoloxía leva o mantemento e aloxamento da mesma, para almacenamento de datos. A infraestrutura técnica disposta polas autoridades educativas non permite que este aloxada no centro.
- Dispón de un servidor de Discord.
- Dispón de unha canle de Twitch.

Dende antes da pandemia, e co alumnado de STEMBach, xa se desenvolvían actividades con fluxo de vídeo en directo.

Estas experiencias son facilmente extrapolables a unha educación non presencial como xa se fixo no final do curso 2019-2020 e incluso a unha semipresencial, podendo retransmitir a clase presencial a o alumnado que sufran confinamento, e este alumnado interactuar coa mesma.

Soamente poden aparecer dous problemas totalmente externos á practica docente, que son meramente técnicos, a saber:

- Alumnado sen os medios para recibir a docencia: que non teña acceso a un teléfono ou, preferiblemente, a un ordenador, e que estean conectados á rede.
- As circunstancias técnicas: en canto infraestrutura de comunicación por parte do Centro, e a disposta polas autoridades educativas, é dicir un ancho de banda suficiente e os portos necesarios dispoñibles.

**Todo isto foi validado coa experiencia do curso 2020-21 onde se impartiu clase a alumnado confinado sen ningún problema**

## **Plan de reforzo COVID**

Non queda alumnado coa materia pendente durante o confinamento.



# Tecnoloxía industrial I

## Obxectivos

No primeiro curso do bacharelato a Tecnoloxía Industrial contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Tecnoloxía Industrial I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Produtos tecnolóxicos: deseño, produción e comercialización</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ a</li> <li>■ c</li> <li>■ e</li> <li>■ g</li> <li>■ h</li> <li>■ i</li> <li>■ l</li> <li>■ m</li> <li>■ p</li> </ul>	<p>B1.1. Proceso cíclico de deseño, produción, comercialización e mellora de produtos.</p> <p>B1.2. Análise sistemática de produtos tecnolóxicos actuais e do seu impacto social.</p> <p>B1.3. Planificación e desenvolvemento práctico dun proxecto de deseño e produción dun produto.</p>	<p>B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar acerca da súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social.</p>	<p>T11B1.1.1. Deseña unha proposta dun novo produto tomando como base unha idea dada, explicando o obxectivo de cada etapa significativa necesaria para lanzar o produto ao mercado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CMCCT</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CSC</li> <li>■ CSIEE</li> <li>■ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ a</li> <li>■ e</li> <li>■ g</li> <li>■ h</li> </ul>	<p>B1.4. Normalización. Control de calidade. Patentes.</p>	<p>B1.2. Explicar as diferenzas e as similitudes entre un modelo de excelencia e un sistema de xestión da calidade, identificando os principais actores que interveñen e valorando criticamente a repercusión que a súa implantación pode ter sobre os produtos desenvolvidos, e expolo oralmente co apoio dunha presentación.</p>	<p>T11B1.2.1. Elabora o esquema dun posible modelo de excelencia, razoando a importancia de cada axente implicado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CCL</li> <li>■ CMCCT</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CSIEE</li> </ul>
			<p>T11B1.2.2. Desenvolve o esquema dun sistema de xestión da calidade, razoando a importancia de cada axente implicado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CMCCT</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CSIEE</li> </ul>
<b>Bloque 2. Máquinas e sistemas</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ d</li> <li>■ e</li> <li>■ g</li> <li>■ i</li> </ul>	<p>B2.1. Máquinas e sistemas. Elementos e dispositivos que os compoñen.</p>	<p>B2.1. Analizar os bloques constitutivos de sistemas e/ou máquinas, interpretando a súa interrelación, e describir os principais elementos que os compoñen, utilizando o vocabulario relacionado co tema.</p>	<p>T11B2.1.1. Describe a función dos bloques que constitúen unha máquina dada, explicando de forma clara e co vocabulario axeitado a súa contribución ao conxunto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CMCCT</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CCL</li> </ul>
			<p>T11B2.1.2. Debuxa diagramas de bloques de máquinas-ferramenta explicando a contribución de cada bloque ao conxunto da máquina.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CMCCT</li> <li>■ CD</li> <li>■ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ d</li> <li>■ g</li> <li>■ i</li> <li>■ m</li> </ul>	<p>B2.2. Máquinas e sistemas mecánicos. Transmisión e transformación de movementos.</p> <p>B2.3. Circuitos eléctricos e electrónicos.</p> <p>B2.4. Circuitos pneumáticos e hidráulicos.</p>	<p>B2.2. Realizar esquemas de sistemas mecánicos e de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos que dan solución a problemas técnicos, con axuda de programas de deseño</p>	<p>T11B2.2.1. Deseña, utilizando un programa de CAD, o esquema dun circuíto eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico que dea resposta a unha necesidade determinada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CMCCT</li> <li>■ CD</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CSIEE</li> </ul>

<b>Tecnoloxía Industrial I. 1º de bacharelato</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.5. Simbología normalizada. B2.6. Deseño, simulación e montaxe de sistemas mecánicos, de circuitos eléctricos e electrónicos, e de circuitos pneumáticos ou hidráulicos.	asistido, e calcular os parámetros característicos destes.	T11B2.2.2. Calcula os parámetros básicos de funcionamento dun sistema mecánico e dun circuito eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico, a partir dun esquema dado.	■ CMCCT
■ d ■ g ■ i ■ m	B2.7. Instrumentos de medida de magnitudes eléctricas. Realización de medidas en circuitos eléctricos e electrónicos.	B2.3. Verificar o funcionamento de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos e hidráulicos característicos, interpretando os seus esquemas, utilizando os aparellos e os equipamentos de medida adecuados, interpretando e valorando os resultados obtidos, apoiándose na montaxe ou nunha simulación física destes.	T11B2.3.1. Verifica a evolución dos sinais en circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos, debuxando as súas formas e os valores nos puntos característicos	■ CMCCT ■ CD
